

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA
POLO PLENO DO CONCELLO, O DÍA 22/01/2015.

Concelleiros presentes:

D. Secundino García Casal.
D. Manuel Varela Mecías.
D. Jesús Manuel Soto Vivero.
D^a María Amparo Calvo González.
D^a Ana Belén Breijo Gundín.
D^a María del Carmen García Pérez.
D. Fernando Márquez Hermida.
D. Plácido López Loureiro.
D. Hipólito Díaz Silva.
D^a Silvia Fernández Muiño.

Concelleira ausente:

D^a María del Carmen Muiño Filgueira.

Secretario:

D. Miguel A. Arroyo Moreno.

No Salón de Sesións da Casa do Concello de San Sadurniño, sendo as dezanove horas e seis minutos do día vintedous de xaneiro de dous mil quince, comparecen os Sres. Concelleiros deste Concello arriba indicados, en presenza do devandito Secretario, para a celebración da sesión ordinaria do Pleno do Concello oportunamente convocada polo Sr. Alcalde.

Iníciase seguidamente a deliberación dos asuntos de competencia do Pleno incluídos na Orde do Día da sesión, que son os seguintes:

PRIMEIRO. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Dase conta da acta da sesión ordinaria celebrada o día dez de xaneiro do presente ano dous mil quince. Pola Presidencia pregúntase ós Sres. membros da Corporación se teñen observacións ou propostas de modificación que formular en relación con esa acta. Non habéndoas, sométese seguidamente a votación a aprobación desa acta, e a Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus dez membros presentes, acorda prestarlle a súa aprobación á acta da sesión de que se trata.

SEGUNDO. APROBACIÓN DEFINITIVA ORZAMENTOS MUNICIPAIS 2015.

Dase conta da única alegación presentada en prazo contra a aprobación inicial do presuposto para 2015, aprobado polo Pleno na sesión do pasado día 18/12/14 e exposto ó público mediante anuncio publicado no BOP nº 248, do 29/12/14. A alegación ven suscrita polo portavoz do PP, D. Plácido López Loureiro, que toma a palabra inicialmente para dicir que nas propostas de modificación de partidas desa alegación hai un erro numérico, e



San Sadurniño
www.sansadurnino.es

O Casal, 16
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

para incidir nalgúns aspectos concretos do presuposto, como os gastos en asesoría xurídica, que considera que superarán as previsións. Á marxe do contido na moción, prantexa tamén a inexistencia de partida presupostaria para facer fronte á demolición dunha edificación sobre a que xa existe sentenza firme, polo que entende que o Concello pode meterse nun follón. Remata indicando que o seu grupo manterá o voto contrario ó presuposto.

Toma a palabra o Sr. Soto, para dicir que únicamente falará da alegación, que é o obxecto desta sesión, e que esa alegación servirá únicamente para entorpecer e retrasar a aprobación do presuposto e a súa execución. Separa o contido da alegación en dúas clases de cuestións, as relativas a temas legais relacionados co trámite de aprobación do documento, que non teñen fundamento porque o presuposto tramitouse con sometemento á legalidade, e as propostas de modificación de partidas, que amosan o descoñecemento da realidade e da estrutura presupostaria por parte do autor da alegación. Di tamén que sen embargo a alegación coincide coa memoria da Alcaldía para o presuposto no tema da insuficiencia do ingresado por tributos vinculados a servizos que presta o Concello para afrontar o custe deses servizos, un tema que deberá dar lugar a un amplo debate por parte de todos os grupos. Na proposta da Alcaldía para a desestimación da alegación xa se propón tamén que se redacten estudos de custes dos servizos prestados polo Concello por parte dos servizos económicos.

Interven de seguido o Sr. Márquez, para dicir que manterá o seu voto contrario ó presuposto, porque aínda que a alegación do PP non aporta nada novo, segue a considerar que hai partidas con gastos excesivos e outras que non aparecen no presuposto e que non se recolle a prevision de inverstimentos nos tres exercicios presupostarios seguintes, como esixe a lei.

O Sr. Soto reitera que este presuposto é o mellor posible e o máis realista dos últimos anos, aínda que é certo que o seu incremento débese exclusivamente a unha obra en concreto, que se espera poder iniciar canto antes, tan pronto como sexa asinado o convenio coa Deputación.

O Sr. Alcalde interven brevemente para rematar o debate, decindo que o presuposto conta con informes favorables e que o importe previsto dos marcos presupostarios para as vindeiras anualidades comunicouse en outubro. Destaca tamén que o nivel de gasto é inferior ó do presuposto de 2007, cun IVE moi superior e prezos máis elevados que entón, polo que non se pode dicir que o gasto sexa excesivo.

Sometido de seguido o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por maioría de seis votos favorables, dos concelleiros presentes do BNG, con catro votos contrarios, dos concelleiros do PP e PSOE, acorda aprobar a proposta da Alcaldía relativa á alegación de que se trata, que literalmente di:

“ANTECEDENTES

Con data do 13/01/2015 Plácido López Loureiro, na súa condición de Portavoz do Grupo Municipal do Partido Popular na Corporación municipal, presenta no rexistro xeral do

Concello un escrito, asinado o 30/12/2014, no que formula unha serie de alegacións contra o acordo de aprobación inicial do Orzamento municipal para o exercicio 2015.

A documentación que integra o expediente do Orzamento xeral do exercicio 2015 foi sometida a Ditame da Comisión Informativa de Facenda e Especial de Contas na sesión do pasado 16/12/2014. Posteriormente o dito expediente foi aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación en sesión extraordinaria que tivo lugar o 18 de decembro de 2014.

A través do anuncio publicado no BOP número 248, de 29 de decembro de 2014, foi exposto ao público o devandito expediente, de acordo coas normas de aplicación vixentes.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS PARA A DESESTIMACIÓN

PRIMEIRO: Dende un punto de vista xeral, de acordo co establecido no artigo 170.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo RDL 2/2004, de 5 de marzo, unicamente poden formularse reclamacións contra o orzamento das entidades locais polas seguintes causas:

- a) Por non axustar a súa elaboración e aprobación aos trámites previstos nesta lei
- b) Por omitirse o crédito necesario para o cumprimento das obrigas esixibles á entidade local en virtude de precepto legal ou de calquera outro título lexítimo
- c) Por seren de manifesta insuficiencia os ingresos en relación aos gastos orzados ou destes respecto das necesidades para as que se prevén

Pois ben, esta Alcaldía entende que ningunha das circunstancias expresadas chega a darse no expediente tramitado e así, de forma xeral, considero que:

- A súa elaboración e aprobación realizouse con estrito cumprimento da legalidade vixente e que foron levados a cabo todos os trámites previstos nas normas orzamentarias de aplicación.
- No Orzamento inicialmente aprobado contéñense as dotacións orzamentarias necesarias para facer fronte ás obrigas legalmente esixibles á Entidade local en virtude de precepto legal expreso ou de calquera outro título lexítimo.
- O orzamento inicialmente aprobado está formalmente equilibrado e, polo tanto,ponse de manifesto a suficiencia dos ingresos en relación cos gastos orzados e destes respecto das necesidades para os que están previstos.

Pola súa parte, a Lei Xeral Orzamentaria (aplicable de forma supletoria en virtude do disposto no artigo 149.3 da Constitución española) sinala que as obrigas da Facenda pública estatal nacen da lei, dos negocios xurídicos e dos actos ou feitos que, segundo dereito, as xeren, e o TRLHL, pola súa parte, establece que as obrigas de pagamento só serán esixibles cando resulten da execución do orzamento ou de sentenza xudicial firme.

SEGUNDO: Dende un punto de vista xa máis específico, no relativo ás distintas consideracións efectuadas para argumentar o escrito de alegacións, debo facer as seguintes observacións:

No referente á alegación primeira, insistimos no especificado no punto a) da exposición de motivos anterior, ou sexa, que a elaboración e aprobación do expediente aprobado

inicialmente realizouse con estrito cumprimento da legalidade vixente e con toda a tramitación correcta segundo a normativa de aplicación. Máis especificamente:

- No escrito de alegacións faise referencia a que *"Adelece el documento aprobado inicialmente por el Pleno del Concello de San Sadurniño, tal y como señala el Informe de Intervención sobre el proyecto de presupuesto para el año 2015, la ausencia de la documentación o el anexo de inversiones a realizar en los tres ejercicios próximos, con su correspondiente propuesta de financiación, suscrito por el Alcalde-Presidente, tal y como establece el art. 15.2 de la Orden HAP/2105/2012."*

Se atendemos á redacción literal dese mesmo artigo sobre subministro de información:

Antes do 31 de xaneiro de cada ano:

- ***Os orzamentos aprobados e os estados financeiros iniciais de todos os suxeitos e entidades comprendidos no ámbito de aplicación desta orde, dos investimentos que se prevé realizar no exercicio e nos tres seguintes, coa súa correspondente proposta de financiamento e os estados de previsión de movemento e situación da débeda.***

Esta Alcaldía non entende que a totalidade desta demanda deba atenderse no documento orzamentario, senón só o anexo de investimentos da anualidade sobre a que se somete a debate o documento, e o resto de información por outros medios, máis especificamente polos mesmos polos cales se remite o resto de información solicitada nesa mesma orde. A dita información xa foi remitida con anterioridade ao 1 de outubro de 2014, tal e como tamén establece a citada normativa.

Por outro lado, a afirmación recollida nese mesmo escrito sobre a *"partida 6"* baséase nun suposto erróneo, pois se a mesma se quere referir á consignación total do Capítulo 6 de investimentos reais, a mesma é de 877.900,00 euros e non de 625.800,00 euros.

- Faise tamén referencia á non concreción das normas reguladoras da prórroga do orzamento 2014 en caso de que non entre en vigor o de 2015 dentro dos prazos comentados. A este respecto, debo aclarar e recordar ao Portavoz do Partido Popular que o procedemento para prorrogar o actual orzamento de 2014 vén recollido na base 8ª das Bases de execución do seguinte xeito: ***"Se ao iniciarse o exercicio económico de 2015 non entrase en vigor o orzamento municipal para ese exercicio considerárase automaticamente prorrogado o do exercicio 2014, ata o límite dos seus créditos iniciais. A prórroga non afectará aos créditos para gastos correspondentes a servizos ou proxectos de investimento que deban finalizar no exercicio anterior ou estean financiados con operacións de crédito ou ingresos afectados. Mentres dure a vixencia da prórroga poderán aprobarse as modificacións orzamentarias previstas pola lei"***. Deste xeito cúmprese axeitadamente o solicitado polo dito portavoz no seu escrito.

▪ Podemos coincidir co expresado no punto 3º da reclamación 1ª do escrito de alegacións. O espírito do manifestado polo lexislador ao respecto desta casuística pode non chegar a cumprirse dun xeito recomendábel no caso do Concello de San Sadurniño, feito que é motivado por unha clara práctica de inhibición fiscal levada a cabo polos distintos gobernos dende a chegada da democracia no noso Concello (proceso de inhibición fiscal xenérico na política municipal da Galiza), e que este goberno pretende reconducir pouco a pouco cunha política fiscal máis xusta e máis acaída ao nivel de prestación de servizos municipais. É por toda esta reflexión que se agradece a achega feita nesta alegación e que poderá ser considerada no futuro, aínda que na mesma non se explique a que taxas ou impostos fai referencia.

▪ A 4ª das consideracións do Portavoz do PP dí o seguinte: *"4º.- El gobierno municipal sabe perfectamente que en breves fechas esta Administración se puede encontrar con un problema económico mayúsculo. Se trata de la previsible asunción de una indemnización a favor de la Cooperativa de San sadurniño por importe de más de un millón de euros por el incumplimiento por parte de esta Administración del onvenio Urbanístico firmado con la citada Cooperativa y aprobada sin informes técnicos por el Pleno de fecha 15/12/07. En el documento presupuestario aprobado inicialmente no incluye cantidad alguna ni designa partida concreta que al menos asuma una parte de esa indemnización. Ello provocará a lo largo del año 2015 un auténtico descontrol en las cuentas que se pretenden aprobar. Este es otro motivo que podría provocar una impugnación judicial de este presupuesto con las consecuencias jurídicas que ya hemos mencionado en los apartados 2º y 3º al no haberse incorporado las normas reguladoras de la prórroga del presupuesto del año 2014"*.

Ao respecto disto, non existe ningunha normativa en materia orzamentaria que se estea a incumplir pola non inclusión dunha partida orzamentaria para o comentado na dita alegación. Arestora estase a tramitar o expediente administrativo correspondente instruído pola reclamación dos liquidadores da devandita cooperativa. Están solicitados os informes da Arquitecta municipal, do Servizo de cooperación cos concellos da Deputación da Coruña e da asesoría xurídica externa contratada por este Concello, tendo xa emitido informe o Secretario-Interventor. Por esta razón coidamos que non procede determinarmos ningunha cantidade até que se resolva esta cuestión por resolución administrativa definitiva na vía administrativa. Por outra banda, sen prexuízo da tramitación do devandito expediente administrativo, esta Alcaldía, e o conxunto do Goberno local, manifestan outra volta a súa vontade política e o firme compromiso de levar a *bo porto* o espírito do pactado no seu día no recorrente convenio urbanístico.

- Polo que respecta á alegación 2ª, facemos as seguintes consideracións:

▪ Alén da inexacta denominación de *"regulamento presupuestario"* para facer mención do RD 500/1990, a proposta de redución de gastos (61.000,00 €) non se corresponde co especificado nese escrito, e polo tanto, prodúcese un desaxuste coa proposta de adicións (66.000,00 €). Este desaxuste aínda se fai maior coa proposta de redución de ingresos de *"Intereses e depósitos"* (de 16.000,00 a 1.000,00 €), polo que de



aceptar a alegación do Portavoz do PP teríamos un orzamento definitivo cunha consignación maior de gastos que de ingresos, o cal implicaría que o mesmo incumpriría a estabilidade orzamentaria, e polo tanto sería ilegal.

▪ Nesa petición de modificación faise mención á seguinte proposta de modificación: *"-Clasificación económica 226.04 "Jurídicos". De 81.000€ a 70.000€". Ora ben, o consignado na partida correspondente neste orzamento é de 1.500,00 € e non de 81.000,00 € como se recolle no escrito de alegacións.*

- En definitiva, resultan sorprendentes todas estas emendas orzamentarias cando o Portavoz do PP non achegou ningunha proposta en ningún momento dentro do prazo de tramitación do documento orzamentario: nin na Comisión informativa, onde non achegou nin solicitou ningunha aclaración sobre o mesmo; nin na sesión plenaria, onde só se limitou a anunciar a interposición desta reclamación, tal e como se pode comprobar coa simple lectura da acta da sesión.

1. PROPOSTA DE ACORDO

A demora na ratificación do acordo do Pleno de aprobar inicialmente o orzamento do exercicio 2015 e as súas Bases de execución suporía pospoñer a execución dos investimentos e transferencias de capital previstas no mesmo, o que afectaría aos intereses xerais que se pretenden atender.

Por outra parte, coa entrada en vigor, o pasado 1 de xaneiro, da nova estrutura orzamentaria aprobada pola Orde EHA/419/2014, de 14 de marzo, é aconsellable non demorar a aprobación definitiva do documento para adaptalo a esa nova estrutura, tanto dende o punto de vista orzamentario coma a súa constatación contable.

Despois dun estudo exhaustivo da reclamación presentada, visto o informe de Intervención previo á aprobación inicial do orzamento onde na súa conclusión expón que: ***"Visto o Proxecto de Orzamento Xeral para o exercicio económico de 2015, presentado polo Alcalde-Presidente, comprobados os documentos que contén este Proxecto, esta Intervención Municipal informa favorablemente o contido do mesmo..."***; vistas as inexactitudes e erros na materialización da reclamación presentada que poden dar sinal dun certo grao de descoñecemento do documento rebatido e da normativa de aplicación; e vista tamén a improcedencia orzamentaria desas emendas debido ao non sometemento á realidade que se pretende afrontar, propónse aos concelleiros e concelleiras da Corporación municipal a adopción dos seguintes

ACORDOS:

1. Desestimar as alegacións contidas no escrito subscrito polo portavoz do grupo municipal do PP, Plácido López Loureiro, e, en consecuencia, aprobar definitivamente o Orzamento municipal para o exercicio 2015 e as súas Bases de execución.

2. Que se teñan en conta as consideracións manifestadas no punto 3º da alegación 1ª sobre a insuficiencia de ingresos para a prestación de determinados servizos e que o departamento económico-administrativo do Concello (Intervención e Tesourería) leve a cabo a redacción dos estudos económicos e de custes de cada unha das ordenanzas nas



San Sadurniño
www.sansadurnino.es

O Casal, 16
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

que así sexa posíbel, co obxecto de determinar o posíbel incumprimento legal que no escrito se refire.

3. Dispor a publicación do resumo por capítulos do Orzamento municipal para o exercicio 2015 no Boletín Oficial da Provincia como requisito previo para a súa entrada en vigor, con amaño ao establecido no artigo 20.5 do RD 500/1990, de 20 de abril e nos artigos 169 e 177 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, aprobado polo RDL 2/2004, de 5 de marzo.

4. Remitir unha copia do expediente definitivamente aprobado á Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galiza e á Delegación do Ministerio de Economía, en cumprimento do disposto nos artigos 20.4 e 177.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, aprobado polo RDL 2/2004 de 5 de marzo. Tamén se remitirá unha copia do expediente á Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas Entidades Locais para dar cumprimento ao disposto no artigo 29 do Regulamento de desenvolvemento da Lei de estabilidade orzamentaria na súa aplicación ás entidades locais, aprobado polo RD 1463/2007, de 2 de novembro e da Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.

5. De conformidade co establecido nas normas de aplicación, contra a aprobación definitiva do Orzamento municipal do exercicio 2015 e das Bases para a súa execución poderá interperse directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que establecen as normas de dita xurisdición."

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión, sendo as dezanove horas e vintecatros minutos, redactándose a presente acta para a adecuada constancia do tratado e dos acordos adoptados, do que como Secretario certifico.

O ALCALDE PRESIDENTE,



O SECRETARIO,



